



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro e Ana Luisa Bouza Santiago, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O 2 de maio de 2012, as deputadas que subscriben esta iniciativa, formulamos unha pregunta para resposta escrita sobre as mortes legais e ilegais de lobos e híbridos que se están producindo na Serra da Barbanza nos anos 2011 e 2012.

Tendo en conta a resposta dada pola Xunta de Galiza a esa iniciativa e á vista das novas aparecidas en diversos medios de comunicación en relación con este tema, é polo que presentamos as seguintes preguntas:

1.^a) Dende o 1 de xaneiro de 2009 até hoxe, a cantos lobos lles puxeron algún tipo de dispositivo localizador na Barbanza? En que data e en que lugar se colocaron eses dispositivos? Cantos deses lobos morreron? Por que causa, en que lugar e en que data?

2.^a) A Xunta de Galiza ten autorizado batidas e agardos na Barbanza nos anos 2011 e 2012. Cal foi o lugar, a data e o sistema de caza empregado para cada animal morto nesas batidas e agardos? E, en cada caso, tratábase dun lobo puro, híbrido ou can? Cal foi o laboratorio que fixo cada unha das análises xenéticas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.^a) A primeiros de abril de 2012 apareceron mortos en lazos no lugar de Mosquete (Boiro), tres cánidos. En cada caso, tratábase dun lobo ibérico ou híbrido e cal foi o laboratorio encargado das análises?

4.^a) A finais de abril de 2012 atopouse en Escobias (Boiro) un cánido morto preto dun camiño. Tratábase dun lobo ibérico ou híbrido, que laboratorio fixo a análise xenética e cal foi a causa da morte?

5.^a) Ten aparecido algún outro lobo ou híbrido morto na Barbanza en 2011 ou no que vai de 2012? De ser así, en que data e lugar? Cal foi a causa da morte e que laboratorio fixo ás análises xenéticas?

6.^a) Algún deses animais mortos na Barbanza, nos anos 2011 e 2012, estaba preñada ou evidenciaba que podería estar amamantando crías? De ser así era loba ibérica ou híbrida? Cal foi o lugar e a causa da morte?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2012.


Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 12/06/2012 19:09:51



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2012 09:30
Nº Rexistro: 84167
Data envío: 12/06/2012 19:11:07.864

Ana Luisa Bouza Santiago na data 12/06/2012 19:10:01